

CARREIRA PROFESIONAL: TITORÍAS

VERDADE E NON MANIPULACIÓN



Chegan informacóns enganosas que pretenden facer crer que a excepción nos **períodos de permanencia** para titorías foi acordada na Comisión de Seguimento da Carreira Profesional.

A REALIDADE É OUTRA. E QUEREMOS ACLARALA.

1 QUE DEFENDE CIG-SAÚDE?



Desde 2023 levamos reclamando que se faga esa mesma excepción nos períodos de permanencia en **TODAS AS CATEGORÍAS PROFESIONAIS** que realizan titorías.

2 NON FOI UN ACORDO. FOI UNA DECISIÓN UNILATERAL DO SERGAS



A excepción que permite **reducir os períodos** de permanencia na carreira por exercer titorías en **Medicina Familiar e Comunitaria** foi introducida polo SERGAS no Decreto 48/2023, do 20 de abril.



Non foi negociada nin acordada coas organizacións sindicais.

Non foi unha decisión da **Comisión de Seguimento** da Carreira Profesional.

3 QUE DI O DECRETO?

Desde o ano 2023, e en todas as convocatorias de carreira dende entón, aplícase esta excepción **UNICAMENTE** á categoría de médico/a de familia:

III→IV

Do grao III ao IV:
5 anos de titoría durante o período de permanencia.

INICIAL→I

Do grao inicial ao I:
2 anos de titoría durante o período de permanencia.



Esta medida aplicouse só a esta categoría pola dificultade de **atopar titoras e titores**, segundo explicou o SERGAS na Comisión.



AS TITORÍAS DE OUTRAS CATEGORÍAS XA PUNTÚAN na Área III do baremo da carreira profesional.



**IGUAL TRABAJO. IGUAL RECOÑECIMENTO.
MESMAS OPORTUNIDADES PARA TODAS E TODOS.**